

A palabra de hoxe é

Cegueira

A cegueira é a falta ou perda da función visual coa total privación do sentido da vista. As persoas con discapacidade visual poden participar nos Xogos Paralímpicos.



A palabra de hoxe é

Continente

Un continente é unha grande extensión de superficie terrestre separada doutras por un ou máis océanos. Na bandeira olímpica cada un dos aros ou aneis representa un continente.



A palabra de hoxe é

Cancha

A cancha é o local ou recinto destinado á práctica de determinados deportes como o baloncesto ou o tenis.



Cancha de baloncesto

A palabra de hoxe é

Afouteza

A afouteza é a capacidade de actuar ou acometer calquera empresa sen temor aos perigos ou dificultades.

Tamén se emprega para expresar a seguridade que alguén ten en si mesmo, a firmeza de carácter.

